

Os plásticos foráneos.

Furiosos andan os mares,
cas súas augas invadidas
por culpa de todos os homes,
desfavorecidas, contaminadas e aborrecidas.

Bolsas que gardan baleiros
de bágoas, queixas e mágoas,
que arruínan ecosistemas enteiros,
os plásticos matan todas as nosas augas.

Os homes somos culpables
a nosa propia terra matamos,
egoísmo e maldades innegables,
o noso preciado futuro paseniño decapitamos.

A Terra é o noso enorme fogar
e o seu corazón estamos a destruír
pero, unha vez máis vainos perdoar
algún día finará, se nós a deixamos sufrir

Os peixes e as gaivotas están aterrados
plásticos na súa casa, para eles son foráneos
limpiar as nosas augas para evitar desgrazas
pois ao fin e ao cabo, todos compartimos a mesma casa.

Categoría: Bacharelato

Tipo de Relato: Clásico

Pseudónimo: Outono